

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE RESOLVE A COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES DE BOLSEIROS, AO AMPARO DA RESOLUCIÓN DO 23 DE DECEMBRO DE 2022 POLA QUE SE CONVOCAN AS BOLSAS DE FORMACIÓN DESTE ORGANISMO PARA O ANO 2023.**

### **Antecedentes**

1. O día 9 de agosto de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG) a Resolución do 21 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.
2. O día 18 de xaneiro de 2023 publicouse no DOG a Resolución do 23 de decembro de 2022 pola que se convocan as bolsas de formación deste organismo para o ano 2023 (código de procedemento VI440D).
3. Segundo o punto segundo do ordinal primeiro da devandita resolución, convocáronse dez bolsas de formación: cinco bolsas para persoas con grao en arquitectura ou con grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante; unha bolsa para persoas con grao de Arquitectura Técnica; unha bolsa para persoas con grao en enxeñaría con máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos ou máster en enxeñaría industrial; dúas bolsas para persoas con grao en Dereito e unha bolsa para persoas con grao en Economía.
4. En atención ás solicitudes presentadas, non hai solicitudes para a bolsa para persoas con grao en Arquitectura Técnica nin para a de persoas con grao en Enxeñaría con máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos ou máster en Enxeñaría industrial.



## Fundamentos de dereito

1. O punto cinco do ordinal décimo sétimo da Resolución do 21 de xullo de 2022 establece que: *"se non houberse solicitantes nalgunha titulación haberá que aterse ao disposto na convocatoria para os efectos de poder cubrir as vacantes con solicitantes doutra titulación"*.
2. O punto quinto do ordinal décimo cuarto da Resolución de 23 de decembro de 2022 dispón que: *"Se non houbera solicitantes nalgunha das bolsas poderán cubrirse as vacantes con solicitantes doutra bolsa por resolución motivada do director xeral do IGVS"*.
3. No orzamento do IGVS existe crédito para a cobertura das dez bolsas na aplicación 2022 08 81 451A 480.1 e 2022 08 81 451A 484.0 para a anualidade 2023 e 2024.

Polo anterior, **RESOLVO**

A cobertura das prazas vacantes na convocatoria realizada na Resolución de 23 de decembro coas solicitudes excedentes das outras titulacións convocadas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital deste documento.

O director xeral do IGVS

Heriberto García Porto

